



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
CESANTES
9 DE ABRIL DE 2014

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación das actas anteriores

2.- Dar conta:

- Paseo praia de Cesantes.
- Asfaltado estrada praia e información sobre o muro.
- Guindastre Alto de Cesantes.
- Parque infantil Outeiro das Penas.
- Pantalán.

3.- Orzamentos participativos 2014.

4.- Delimitación Territorial das parroquia con Redondela.

5.- Información sobre o contedor de deportes acuáticos.

6.- Información sobre se poden ser abertos ao público os consellos parroquiais.

7.- Información sobre a posible rotonda ao final da praia (zona Regato).

8.- Varios.

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día nove de abril de dous mil catorce, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Cecilia Pérez Orge, representante do BNG
- Francisco Muíños Barros, representante do PP
- Luis Medal Fiel, representante de AER
- José Antonio Sánchez Méndez, representante das asociacións veciñais
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Rosa González Cabaleiro, representante das asociacións culturais
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- María Fernanda Castro Montero, representante das asociacións culturais
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais
- Juan Carlos Araújo Alonso, representante das entidades deportivas
- José Ignacio Novelle García, representante das entidades deportivas
- Magdalena Ramoné Otero, representante do colectivo do mar



CONCELLO DE REDONDELA

- Marta Rosa Ramos Álvarez, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

1.- Aprobación das actas anteriores.

Sométense a aprobación as actas das xuntanzas de datas 23.05.2013 e 27.09.2013.

Leonardo Cabaleiro Couñago indica que no parágrafo segundo da folla once se fala do Paseo das Sete Cuncas, debendo figurar o Paseo das Sete Fontes.

Feita a corrección apróbanse as actas por unanimidade das/os membros presentes.

2.- Dar conta:

2.1.- Paseo praia de Cesantes

En relación co último Consello, o Presidente lee o informe do arquitecto técnico municipal sobre o estado da beirarrúa do paseo danado polas árbores, indicando que para arranxalo é preciso cortar algunhas árbores e plantar novas a unha distancia que non danen a beirarrúa e indica que xa se teñen os permisos de Costas para poder realizalo.

Leonardo Cabaleiro Couñago e outro solicitan copia do indicado informe técnico.

En relación aos muros do paseo da praia o Presidente comenta que o que se atopa preto da Capela da Virxe está parado. Ademais, entre Costas e o Concello reparará os muros dende o Hostal Antolín cara adiante ata o mirador. En canto ao paseo indica que se está estudando.

Luis Antonio Medal Martínez pregunta porque se parou o muro, di que para facelo se basan na existencia dunha pedras e que facer un muro alí é unha aberración.



CONCELLO DE REDONDELA

José Antonio Sánchez Méndez e Leonardo Cabaleiro Couñago comentan que estivo alí o arquitecto revisando a zona.

Cecilia Pérez Orge indica que Costas debería facer un estudo da zona antes de facer o muro e ser coidadosos por estar á beira do mar.

O Presidente aclara que cree que Costas non vai facer o muro na zona da Virxe.

Rosa González Cabaleiro comenta que hai que ter coidado coas arquetas que hai na zona.

José Antonio Sánchez Méndez di que a asociación pediu colocar o tubo da arqueta máis abaixo e a propia arqueta quitála da zona da praia.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que xunto a de Minso onde o muro caído se van colocar unhas pedras en vertical e antes de facelo debe estudarse para que nun futuro se poida aproveitar para facer o paseo.

Francisco Muiños Barros di que a solución sería facer un rompeolas antes do muro para que rompa nel o mar ou facer unha parede en caída. El e Luis Antonio Medal Martínez indican que sería bo facer un estudo para que non marche a area da praia.

Luis Medal Fiel di que non lle quedou claro a explicación do arranxo dos muros con Costas.

O Presidente indica que Costas ía arranxar o muro da zona do Regato. Do outro non lle dixeron fixo se o ían facer, xa que en principio lle indicaran que o muro ía ser un mirador.

Luis Medal Fiel di que se podía parar e por que o Concello non o fixo antes de que foran a protestar os veciños e que se debe coidar o litoral.

O Presidente reitera que pensaron que ía ser un mirador e despois demostrouse que estaban equivocados.



CONCELLO DE REDONDELA

Cecilia Pérez Orge di que se a asociación de veciños non protestara non ten claro que o Concello non deixara facer o muro.

Luis Medal Fiel di que se debe dar información aos veciños e que se puido convocar un Consello extraordinario para tratar ese tema.

Luis Antonio Medal Martínez di que de acordo co regulamento é preceptivo que se informe nun Consello sobre as obras que se van facer na Parroquia.

Rosa González Cabaleiro manifesta o mesmo, deberían comunicarse as obras.

2.2.- Asfaltado estrada praia e información sobre o muro.

O Presidente explica que non se asfaltou antes polo mal tempo e falta de maquinaria e se se botara zahorra a levaría a chuvia. Polo que se realizou cando fixo bo tempo.

José Antonio Sánchez Méndez di que o muro se rematou en setembro e ata febreiro-marzo non se asfaltou. A asociación queixouse por escrito e aínda non se lle comunicou ningunha información sobre o tema.

O Presidente di que ata o momento na zona non se fixera nada, non había nin muro e agora se protesta por asfaltar ese tramo. Volve explicar que botar material sería perder o tempo e que os traballos do Concello os organiza o Concello.

José Antonio Sánchez Méndez reitera que dende o Concello non se lle contestou sobre o tema.

En canto ao muro, o Presidente indica que se falou con ADIF e teñen intención de continuar co muro dende o cambio de rasante dirección Igrexa.

Luis Antonio Medal Martínez pregunta se se vai facer todo o muro.

Cecilia Pérez Orge pregunta que tramo de muro se fará.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente aclara que será dende o cambio de rasante ata a zona cara a Igrexa e se intentará que fagan o máximo posible.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que tamén é necesario pola seguridade das persoas.

O Presidente di que se falou con varios veciños e a maioría queren ceder terreo para mellorar o paso, e con vistas adiante, facer unha beirarrúa con iluminación e se se pode un carril bici.

José Antonio Sánchez Méndez quere aclarar que a Asociación non pediu que se retirara o canabal existente nunha parcela particular á saída da ponte da vía do tren.

2.3.- Guindastre Alto de Cesantes

O Presidente comenta que o guindastre leva moitos anos instalado e o concelleiro de urbanismo, Arturo González, xa informou nun pleno que a grúa ten todos os permisos. Aínda así, falouse coa empresa para que a quitase, poñéndolle como exemplo a de Chapela e a empresa accedeu de palabra a quitala mais adiante aproveitando cando retire outras para aforrar cartos. Isto se lle transmite, nun acto en Redondela contra a violencia de xénero, a tres persoas da Asociación de Veciños e díceselle que llo comuniquen aos demais membros. Con todo, pasados uns días a Asociación saca unha nota na prensa e saen na TVG. A empresa expresa o seu malestar con esas actuacións.

José Antonio Sánchez Méndez di que pediu información sobre o guindastre e non se lle contestou, que se informou nun acto particular a unhas persoas afectadas e non entende porque non llo comunican a Asociación.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que é extraño que as persoas saíran na TVG cando xa lles comunicaran que a ían quitar.

María Fernanda Castro Montero indica que a Asociación sabía que a grúa estaba denunciada e que non se pode pretender que a quiten en dous días.

José Antonio Sánchez Méndez reitera que non sabía nada do tema.

2.4.- Parque infantil de Outeiro das Penas



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente comenta que se van colocar un ou dous bancos máis, iguais ao que está posto, a Concelleira de parques e xardíns xa se comprometeu a iso.

Jorge Rodríguez Crespo di que o parque xa se incluía non orzamentos participativos e é unha falta de respecto hacia os compañeiros que se saquen notas de prensa. Así mesmo, indica que sobre o muro da praia xa se pedira información no Consello e non é preciso sacar notas na prensa. As notas de prensa foron sacadas pola Asociación de Veciños.

Marta Rosa Ramos Álvarez di que a petición de información debería facerse no Consello, non coa Asociación de Veciños.

Cecilia Pérez Orge di que o que se está a falar non é tema do Consello Parroquial, que o teñen que aclarar entre eles. O regulamento di que a parte de facer as demandas no Consello, o propio colectivo o pode facer por fóra.

Luis Antonio Medal Martínez di que si se pode pero é un problema de ética e non debería facerse.

Cecilia Pérez Orge di que nunha última acta xa se acordara que os colectivos se ían reunir antes para falar os temas.

O Presidente dí que os puntos do orde do día os fixa el e que reciba as propostas dos colectivos e dos partidos non quere dicir que vaia incluír todos.

2.5.- Pantalán

O Presidente indica que se falou con Portos de Galicia e que agora están coas obras da lonxa, despois co espigón e co traveling pero segue habendo compromiso de traelo.

2.6.- Fóra do orde do día

O Presidente da conta sobre o informe que se fixo cun técnico do Concello con fotografías das beirarrúas no Alto de Cesantes do que se lle deu traslado ao Ministerio de Fomento para que as arranxe e poñan accesos en todas as baixadas.



CONCELLO DE REDONDELA

Así mesmo comunica que se arranxaron rexillas, colocouse un panel informativo en Catapeixe e se colocaron canastas con base e suxeición na pista do Campo de Fútbol.

José Antonio Sánchez Méndez di que se tivo que queixar a Asociación de Veciños para que suxeitaran as canastas.

O Presidente di que foi el quen lle pediu a protección civil que polo mal tempo, as tumbaran como medida de seguridade e despois se anclaron.

Ademais, informa de que se vai asfaltar a baixada das Ánimas hacia a praia (camiño dos Castiñeiros), xa está incluído no presuposto deste ano.

3.- Orzamentos participativos 2014

O Presidente pide que para o próximo Consello se pense en que cousas se quere investir os orzamentos.

Luis Antonio Medal Martínez pregunta se so se refire ao que se quere ou a forma de repartilo.

O Presidente recorda que a inversión ten que ser en propiedades do Concello.

Cecilia Pérez Orge di que ao facelo así non son orzamentos participativos, di que é unha partida mínima na que o Consello acorda onde se vai investir. Unha vez que o Concello decide a cantidade e donde se ten que gastar casi non hai facultade de participar. Di que lle dixo ao Alcalde que se tiña que pensar dende o ano anterior en que empregalo.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que esta non é forma de elaborar os orzamentos participativos ten que ser previo.

Luis Medal Fiel di que no pleno do 27.10.2011 aprobouse celebrar xornadas de formación para as asociacións e veciñanza sobre o funcionamento, características e elaboración do orzamento municipal e crear unha oficina de orzamentos participativos para pedir información. Se pon a disposición o 1% do orzamento xeral e que este ano é o 1% excluídas as subvencións de capital, o que equivale a uns 18.000 euros menos que o ano pasado. Debería facerse unha xuntanza para recoller propostas e elaborar unhas



CONCELLO DE REDONDELA

bases coa información que aporten os veciños para regular a forma de invertir os orzamentos.

Cecilia Pérez Orge di que nunha xuntanza que houbo no Multiusos se propuxo que se fixaran uns criterios para establecer en que se pode invertir e de momento non se fixo.

4.- Delimitación Territorial das parroquias con Redondela

O Presidente lle entrega, por petición no anterior Consello, de Luis Antonio Medal Martínez os planos obrantes no padrón municipal de todo Cesantes, nos que se comproba que por exemplo a zona da gasolinera, dos colexios, do edificio da policía local ou do pavillón municipal pertence a parroquia de Cesantes. Facilitaráselle copia dos mesmos a todos os membros.

5.- Información sobre o contedor de deportes acuáticos

O Presidente informa que o ano pasado tiña permiso de Costas para dar un curso. Este ano Costas renovou o permiso para deixar o contedor.

Cecilia Pérez Orge di que no momento de finalizar o curso non pinta nada alí nin o contedor nin as embarcacións e que do xeito que se fai, se pode estar renovando ano tras ano o permiso.

Luis Antonio Medal Martínez di que o contedor no inverno non molesta.

6.- Información sobre se poden ser abertos ao público os consellos parroquiais

O Presidente indica que o regulamento non di nada sobre ese aspecto e que o decidan as asociacións. Pon de exemplo que no Consello do Viso se permitiu asistir ao público. Di que o deben decidir os colectivos pero aclara que o público que entre non pode falar.

Jorge Rodríguez Crespo di que xa o faláron e se acordou que non poden ser abertos aos veciños pero si se quere que se deixe entrada aos suplentes pero sen dereito a falar, nin votar.



CONCELLO DE REDONDELA

Luis Antonio Medal Martínez engade que en situacións extraordinarias nas que se traten temas importantes se deixe entrar ao público.

Luis Medal Fiel di que AER nesta votación abstense pois pensan que se o Consello e as actas deben ser públicas ou non deben decidilo as asociacións, os veciños, non o partido.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que se publiquen as actas non os borradores.

Acordase publicar as actas na páxina web do Concello e no taboleiro do Centro Cultural.

Así mesmo, acordase que asistan os suplentes dos titulares.

7.- Información sobre a posible rotonda ao final da praia (zona Regato)

O Presidente informa que varios veciños lle propuxeron que sería bo facer unha rotonda ao final do paseo da praia, na zona do Regato, porque hai espazo e se facilitaría que os vehículos desen volta. Estase estudando o tema.

Cecilia Pérez Orge di que antes de facer calquera obra se expoña o proxecto no Consello.

8.- Varios

O Presidente pídelles a todos e sobre todo á Asociación de Veciños que antes de pedir cousas no Concello se informen se é competencia municipal, que pregunten cando teñan dúbidas no departamento en concreto.

José Antonio Sánchez Méndez di que o Concello é quen lle ten que transmitir aos outros organismos as súas peticións.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que se entende que varios é o punto de rogos e preguntas.



CONCELLO DE REDONDEIRA

José Antonio Sánchez Méndez pregunta por que fai 10 meses que non se celebra un consello ordinario.

O Presidente di que son catro consellos ao ano e que o ano pasado se celebraron dous ordinarios e un extraordinario e que polas presas se lle deu prioridade ao asunto dos orzamentos participativos.

Juan Carlos Araújo Alonso recorda que os taboleiros son para colocar anuncios da parroquia, non notas de prensa.

José Antonio Sánchez Méndez di que non se pode obrigar ao que se pode ou non pegar no mesmo.

O Presidente di que no último Consello se acordou que non se peguen recortes de prensa nos paneis informativos.

José Antonio Sánchez Méndez afirma que os seguirá pegando.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as once horas e dezasete minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.